



Prezado/a socio/a:

Pola presente escrita, en calidade de membro da Asociación Cultural Barbantia, quedas convocado/a á **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**, que se ha celebrar no Auditorio de Rianxo o **venres 31 de xaneiro de 2020**, ás 18:30 horas en primeira convocatoria, e ás **19:00 horas** en segunda e derradeira, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
2. **Estado de contas para a súa aprobación.**
3. **Renovación cargos directivos.**
4. **Resumo memoria anual ano 2019.**
5. **Planificación da programación anual 2020.**
6. **Informe subvencións.**
7. **Rogos e preguntas.**

Boiro, a 16 de xaneiro de 2020

Manuel Cartea Gómez

Presidente de Barbantia®



Segundo o Artigo 24 dos Estatutos da A. C. Barbantia, os asociados poderán outorgar a súa representación, aos efectos de participación nas Asembleas, a calquera outro socio. Tal representación outorgarase por escrito e deberá obrar en poder do Secretario da Asemblea ao inicio da sesión.

Así mesmo, ás **20:30 horas** convidámote ao acto de presentación do suplemento cultural número 151 d'*A Voz de Barbantia* e á presentación da obra, *Escribirme*, de **Héctor Pose Porto**, editado por Edicións do Peirao. Presentará o acto o alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños e conversarán co autor, Milagros Torrado e Xesús Laiño.

Intervención plástica a cargo de **Manuel Ayaso** e apertura e peche musical a cargo do cuarteto de frutas **Leliñas da Escola de Música de Rianxo**.

Este acto está enmarcado nos **Actos Castelao 2020** que organiza o Concello de Rianxo e cuxa información se envía adxunta.

Agradecendo o teu interese pola cultura do país, recibe un cordial saúdo.